

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 31 de marzo de 2025 pola que se publica a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social, para a prestación do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra (código de procedemento BS213V).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.23, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no seu artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación, para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación, e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Tamén dispón que as normas e os requisitos a que se terán que axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, constitúe a normativa regulamentaria que desenvolve a regulación dos puntos de encontro familiar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os puntos de encontro familiar están previstos no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 1.8.3 do anexo desta norma refírese ao «Servizo de Orientación Mediación e Intervención Familiar». No seu punto 1.8.3 recolle a modalidade de apoio ao encon-



tro familiar. Esta prestación vai destinada a facilitar e preservar a relación entre as persoas menores e as persoas membros das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, favorece a relación coas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

A habilitación do réxime de concertos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, abre a posibilidade de aplicar esta figura a programas e servizos desenvolvidos pola entidade pública responsable da constitución destes servizos de apoio ao encontro familiar.

Este proxecto será financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228 que figura na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na cal existe crédito axeitado e suficiente.

Cumpridos os requisitos do artigo 10 e de conformidade co artigo 11 do antedito decreto, a resolución do procedemento BS2132V do presente concerto social, logo da fiscalización da proposta, correspóndelle á persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade. As resolucións publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar a convocatoria, mediante procedemento de asignación de concerto social para a provisión do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra (código de procedemento BS213V), que se xunta á presente resolución como anexo I, e ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2025

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrwh5j65rnr2



ANEXO I**Convocatoria do concerto social para a prestación do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela de Compostela, Lugo e Pontevedra**

A) Necesidade administrativa que se pretende satisfacer.

A Constitución española dispón no seu artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, e sinala, igualmente, que nenos, nenas e adolescentes deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais que velan polo seus dereitos.

A Convención sobre dereitos do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polo Estado Español o 26 de xaneiro de 1990, establece no seu artigo 9, con respecto ás nenas e nenos separados dunha ou de ambas as dúas persoas proxenitoras, o dereito a manter relacións persoais e contacto directo coa nai e co pai de modo regular, agás se é contrario ao interese superior das e dos menores. Tamén a Recomendación do Consello de Europa nº R (98) sinala que se asegurará a protección dos intereses das nenas e dos nenos e do seu benestar, especialmente nos problemas de custodia e dereito de visitas.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos reais decretos de transferencia 2411/1982, do 24 de xullo, e 534/1984, do 25 de xaneiro, e, en virtude da dita competencia, aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten asumida a función de exercer as políticas autonómicas en materia de acción social e de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, considera prioritario garantir o funcionamento dos puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra, na procura da efectividade dos procesos de apoio familiar e



mediación, en aplicación do establecido no artigo 36 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O artigo 2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que este tipo de relación xurídica se pode establecer entre a Administración xeral autonómica e aquelas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

A atención nos puntos de encontro familiar está prevista no anexo do Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, que recolle os seguintes servizos:

– No punto 1.8. Servizo de orientación, mediación e intervención familiar que se estrutura en tres modalidades:

– 1.8.1. Modalidade apoio e orientación familiar.

– 1.8.2. Modalidade mediación familiar.

– 1.8.3. Modalidade de apoio ao encontro familiar, que se define como conxunto de intervencións de carácter técnico-profesional no ámbito familiar destinado a facilitar e preservar a relación entre as persoas menores e as persoas membros das súas familias en situación de crise; procura a seguridade e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, favorece a relación coas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Trátase dun servizo especializado e temporal, prestado en equipamentos sociais de carácter neutral, para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre as persoas menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou outros suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

B) Obxecto do concerto social.

O obxecto deste concerto é a provisión do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra, co fin de ofrecer un servizo que facilite a preservación da relación entre os/as menores e as persoas das súas familias en momentos crise familiar, de xeito que se garanta a seguridade e o benestar dos/das menores, favorecendo a relación familiar e o cumprimento do réxime de visitas.



Son beneficiarios do dito servizo:

– Os membros das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas, así como as persoas integrantes de familias en que existan situacións de violencia que supoñan un risco para calquera dos membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

– Persoas que teñan un dereito de visita dunha ou dun menor con domicilio nas ditas localidades ou na súa contorna ou ben un dereito de visita que se deba desenvolver nos ditos puntos de encontro.

No desenvolvemento das súas funcións, os puntos de encontro familiar teñen como obxectivo principal favorecer o dereito dos e das menores a manter a relación con ambos proxenitores ou familiares, así como orientar e apoiar a familia para que consigan a autonomía necesaria no exercicio das súas funcións sen depender do servizo.

Os tipos de intervención que se realizan nos puntos de encontro familiar, respecto da execución do réxime de visitas, son:

a) Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención das e dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a ou o menor no desenvolvemento do réxime de visitas. Nestes casos, o punto de encontro familiar actúa como intermediario e supervisor desas entregas e recollidas.

b) Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dunha ou dun profesional do equipo técnico do servizo por un tempo máximo de dúas horas.

c) Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no punto de encontro familiar, por un tempo máximo de dúas horas, sen a presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos en que a persoa proxenitora que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.

Ademais do cumprimento do réxime de visitas establecido, nos puntos de encontro familiar levaranse a cabo outras intervencións, actuacións ou accións complementarias:

a) Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores, que teña como obxecto final acadar a normalización das relacións familiares.



b) Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e ás e aos menores, propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

c) Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.

d) Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.

Para os efectos desta convocatoria o concerto social distribúese nos seguintes lotes:

Núm. lote	Dispositivo	Enderezo	Localidade	Provincia
1	Punto de encontro familiar de Santiago de Compostela	R/ Cruceiro do Sar, nº 46	Santiago de Compostela	A Coruña
2	Punto de encontro familiar de Lugo	Calexón de San Marcos, s/n	Lugo	Lugo
3	Punto de encontro familiar de Pontevedra	Avenida de Vigo, nº 16, baixo	Pontevedra	Pontevedra

As entidades concertantes poderán optar a un ou a varios lotes.

C) Modalidade de concertación.

A modalidade de concertación é o procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Cada lote en que se divide o obxecto do concerto será asignado a unha única entidade.

D) Réxime económico do acordo.

1. Orzamento e crédito orzamentario a que se imputa o gasto:

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución do presente concerto cunha contía máxima de 3.120.384,24 € no período 2025-2029. Este importe será financiado pola consellería con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228



que figura na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na cal existe crédito axeitado e suficiente.

2. Distribución en anualidades.

Distribución de anualidades

	Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total
Lote 1-PEF Santiago de Compostela	2025 (6 meses)	119.388,77 €	11.938,87 €	131.327,64 €
	2026	250.452,11 €	25.045,21 €	275.497,32 €
	2027	269.682,65 €	26.968,27 €	296.650,92 €
	2028	282.013,63 €	28.201,37 €	310.215,00 €
	2029 (6 meses)	146.836,97 €	14.683,69 €	161.520,66 €
Lote 2-PEF Lugo	2025 (6 meses)	100.738,64 €	10.073,86 €	110.812,50 €
	2026	208.904,84 €	20.890,48 €	229.795,32 €
	2027	225.423,71 €	22.542,37 €	247.966,08 €
	2028	235.266,11 €	23.526,61 €	258.792,72 €
	2029 (6 meses)	121.870,09 €	12.187,01 €	134.057,10 €
Lote 3-PEF Pontevedra	2025 (6 meses)	98.892,65 €	9.889,27 €	108.781,92 €
	2026	205.084,04 €	20.508,40 €	225.592,44 €
	2027	221.178,33 €	22.117,83 €	243.296,16 €
	2028	231.020,73 €	23.102,07 €	254.122,80 €
	2029 (6 meses)	119.959,69 €	11.995,97 €	131.955,66 €

Posibles prórrogas

	Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total
Lote 1-PEF Santiago de Compostela	2029 (6 meses)	146.836,97 €	14.683,69 €	161.520,66 €
	2030	293.673,94 €	29.367,39 €	323.041,33 €
	2031	293.673,94 €	29.367,39 €	323.041,33 €
	2032	293.673,94 €	29.367,39 €	323.041,33 €
	2033 (6 meses)	146.836,97 €	14.683,69 €	161.520,66 €
Lote 2-PEF Lugo	2029 (6 meses)	121.870,09 €	12.187,01 €	134.057,10 €
	2030	243.740,18 €	24.374,01 €	268.114,19 €
	2031	243.740,18 €	24.374,01 €	268.114,19 €
	2032	243.740,18 €	24.374,01 €	268.114,19 €
	2033 (6 meses)	121.870,09 €	12.187,01 €	134.057,10 €
Lote 3-PEF Pontevedra	2029 (6 meses)	119.959,69 €	11.995,97 €	131.955,66 €
	2030	239.919,38 €	23.991,94 €	263.911,32 €
	2031	239.919,38 €	23.991,93 €	263.911,32 €
	2032	239.919,38 €	23.991,94 €	263.911,32 €
	2033 (6 meses)	119.959,69 €	11.995,97 €	131.955,66 €



Posibles modificacións-anualidades (20 %)

	Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total
Lote 1-PEF Santiago de Compostela	2025 (6 meses)	23.877,75 €	2.387,78 €	26.265,53 €
	2026	50.090,42 €	5.009,04 €	55.099,46 €
	2027	53.936,53 €	5.393,65 €	59.330,18 €
	2028	56.402,73 €	5.640,27 €	62.043,00 €
	2029 (6 meses)	29.367,39 €	2.936,74 €	32.304,13 €
Lote 2-PEF Lugo	2025 (6 meses)	20.147,73 €	2.014,77 €	22.162,50 €
	2026	41.780,97 €	4.178,10 €	45.959,07 €
	2027	45.084,74 €	4.508,47 €	49.593,21 €
	2028	47.053,22 €	4.705,32 €	51.758,54 €
	2029 (6 meses)	24.374,01 €	2.437,40 €	26.811,41 €
Lote 3-PEF Pontevedra	2025 (6 meses)	19.778,53 €	1.977,85 €	21.756,38 €
	2026	41.016,80 €	4.101,68 €	45.118,48 €
	2027	44.235,66 €	4.423,57 €	48.659,23 €
	2028	46.204,15 €	4.620,41 €	50.824,56 €
	2029 (6 meses)	23.991,94 €	2.399,19 €	26.391,13 €

Posibles modificacións-prórrogas (20 %)

	Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total
Lote 1-PEF Santiago de Compostela	2029 (6 meses)	29.367,39 €	2.936,74 €	32.304,13 €
	2030	58.734,79 €	5.873,48 €	64.608,27 €
	2031	58.734,79 €	5.873,48 €	64.608,27 €
	2032	58.734,79 €	5.873,48 €	64.608,27 €
	2033 (6 meses)	29.367,39 €	2.936,74 €	32.304,13 €
Lote 2-PEF Lugo	2029 (6 meses)	24.374,02 €	2.437,40 €	26.811,42 €
	2030	48.748,04 €	4.874,80 €	53.622,84 €
	2031	48.748,04 €	4.874,80 €	53.622,84 €
	2032	48.748,04 €	4.874,80 €	53.622,84 €
	2033 (6 meses)	24.374,02 €	2.437,40 €	26.811,42 €
Lote 3-PEF Pontevedra	2029 (6 meses)	23.991,94 €	2.399,19 €	26.391,13 €
	2030	47.983,88 €	4.798,39 €	52.782,27 €
	2031	47.983,88 €	4.798,39 €	52.782,27 €
	2032	47.983,88 €	4.798,39 €	52.782,27 €
	2033 (6 meses)	23.991,94 €	2.399,19 €	26.391,13 €

Distribución por anualidades da totalidade do concerto
(anualidades: 1.7.2025 a 30.6.2029)

Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total anualidade
2025 (6 meses)	319.020,06 €	31.902,00 €	350.922,06 €



Anualidade	Importe	IVE (10 %)	Total anualidade
2026	664.440,99 €	66.444,09 €	730.885,08 €
2027	716.284,69 €	71.628,47 €	787.913,16 €
2028	748.300,47 €	74.830,05 €	823.130,52 €
2029 (6 meses)	388.666,75 €	38.866,67 €	427.533,42 €
Total	2.836.712,96 €	283.671,28 €	3.120.384,24 €

Total anualidades (anualidades: 1.7.2025 a 30.6.2029)

	Importe anualidades	IVE (10 %)	Total anualidades
Lote 1-PEF Santiago de Compostela	1.068.374,13 €	106.837,41 €	1.175.211,54 €
Lote 2-PEF Lugo	892.203,39 €	89.220,34 €	981.423,72 €
Lote 3-PEF Pontevedra	876.135,44 €	87.613,54 €	963.748,98 €

Valor estimado: total anualidades+ posibles prórrogas+posibles modificacións

Lote 1-PEF Santiago de Compostela	2.691.683,86 €
Lote 2-PEF Lugo	2.240.596,94 €
Lote 3-PEF Pontevedra	2.202.975,56 €
Total	7.135.256,36 €

3. Prezo.

A Consellería de Política Social e Igualdade aboará pola prestación do servizo obxecto deste concerto un importe mensual, que reflicte en cada ano os incrementos salariais que se desprenden do IV convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores (*Boletín Oficial del Estado* nº 42, do 18 de febreiro de 2021), no que se refire á anualidade 2025, e do V convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores (*Boletín Oficial del Estado* nº 302, do 16 de decembro de 2024), para as anualidades 2026-2029, e que se reflicten na distribución por anualidades recollida no punto anterior.

De acordo coa dita distribución, a contía que percibirá a entidade adxudicataria pola execución do servizo en cada mensuralidade será a seguinte:

Lote 1

Anualidades	Contía mensual que facturará a entidade concertada		
	Importe factura	IVE	Total
2025	19.898,13	1.989,81	21.887,94
2026	20.871,01	2.087,10	22.958,11
2027	22.473,55	2.247,36	24.720,91
2028	23.501,14	2.350,11	25.851,25
2029	24.472,83	2.447,28	26.920,11



Lote 2

Anualidades	Contía mensual que facturará a entidade concertada		
	Importe factura	IVE	Total
2025	16.789,78	1.678,97	18.468,75
2026	17.408,74	1.740,87	19.149,61
2027	18.785,31	1.878,53	20.663,84
2028	19.605,51	1.960,55	21.566,06
2029	20.311,67	2.031,18	22.342,85

Lote 3

Anualidades	Contía mensual que facturará a entidade concertada		
	Importe factura	IVE	Total
2025	16.482,11	1.648,21	18.130,32
2026	17.090,33	1.709,03	18.799,37
2027	18.431,53	1.843,15	20.274,68
2028	19.251,73	1.925,17	21.176,90
2029	19.993,29	1.999,33	21.992,61

A devandita cantidade destinarase a soportar os gastos que aparecen desagregados no estudo de custos que consta no expediente administrativo deste concerto social, exixido polo artigo 10.2.d) do Decreto 229/2020, do 17 de decembro. O dito estudo, xunto co resto do expediente, está dispoñible para a súa consulta na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade: <https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/axudas>

E) Duración do concerto social e posibilidade de renovacións.

Este concerto social terá vixencia desde a súa formalización (prevista desde o 1.7.2025) ata o 30.6.2029, con posibilidade das prórrogas sinaladas no artigo 8 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, en caso de existir crédito adecuado e suficiente. En concreto, de acordo co dito precepto, existe a posibilidade de prórroga do concerto desde o 1.7.2029 ata o 30.6.2033.

No obstante, de acordo co sinalado no artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos del sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que resulta de aplicación supletoria ao abeiro do establecido na disposición derradeira primeira do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cando ao vencemento dun concerto non se formalizase o novo concerto que garante a continuidade da



prestación para realizar pola entidade concertada como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para a Administración concertante producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para no interromper a prestación, poderase prorrogar o concerto orixinario ata que comece a execución do novo concerto e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do concerto, sempre que a resolución de concertación se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do concerto orixinario.

F) Requisitos que deben cumprir as entidades para poder presentarse ao procedemento de concertación.

Para poderen acollerse ao réxime de concerto social, as entidades que presten servizos sociais deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:

b.1) Solvencia económica e financeira.

Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter subscrito un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais ou un volume de negocios no ámbito das actividades correspondentes ao obxecto do concerto referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos dispoñibles, por un importe igual ou superior ao 50 % do importe medio anual do custo do lote do concerto social a que se opte (IVE excluído), seguindo o seguinte cadro:

Lotes	Volume negocio
Lote 1	133,546,77 €
Lote 2	111.525,42 €
Lote 3	109.516,93 €

No caso de concorrer a varios lotes, deben acreditar o importe correspondente á suma dos lotes a que concorre.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal da entidade en que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia ou o volume de negocios referido ao ano



de maior volume nos últimos tres dispoñibles, que debe ser igual ou superior aos valores indicados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar, de ser requirida:

– Un certificado expedido pola aseguradora, en que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro. Así como o documento de compromiso vinculante da subscripción, prórroga ou renovación do seguro, no caso que sexa necesario, para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.

– De ser o caso, copia das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade estivese inscrita no citado rexistro. En caso contrario, deben presentar as contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante copia dos seus libros de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro Mercantil.

b.2) Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, realizados para algunha Administración pública ou entidade pública ou privada (contabilizados ata a data de fin de prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria), cuxos importes acumulados no ano de maior execución dentro dos tres últimos sexa igual ou superior ao 50 % do importe medio anual do custo do lote do concerto social a que se opte (IVE excluído), seguindo o seguinte cadro:

Lotes	Solvencia técnica
Lote 1	133,546,77 €
Lote 2	111.525,42 €
Lote 3	109.516,93 €

No caso de concorrer a varios lotes, deben acreditar o importe correspondente á suma dos lotes a que concorre.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal da entidade en que figuren os principais servizos e traballos realizados de natureza análoga ao obxecto deste concerto no últimos tres anos, computados ata a data de fin de prazo de presentación



de solicitudes desta convocatoria, que inclúa importes, datas e destinatarios públicos ou privados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar, se se lle solicita:

– Se o destinatario é unha entidade do sector público, copia da certificación de boa execución expedida ou visada polo órgano competente.

– Se o destinatario é un suxeito privado, copia da certificación de boa execución expedida por este, ou, na falta de certificación, mediante unha declaración responsable da entidade declarando ter realizado o traballo ou servizo a satisfacción daquel, acompañado dos documentos que consten no seu poder, que acrediten a realización da prestación.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á familia, á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas pola lexislación vixente.

e) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no punto K.3 desta resolución.

f) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

G) Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de participación na convocatoria de concerto social deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrw5j65rmr2



Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). A presentación da solicitude supón a aceptación incondicionada da persoa solicitante da totalidade do contido da convocatoria, sen excepción ou reserva ningunha.

2. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

H) Documentación complementaria.

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos que se presentan.

b) Documentación que acredita que a entidade conta coa solvencia económica e financeira, técnica e profesional nos termos previstos na cláusula F) da convocatoria, no caso de optar por acreditarla neste momento.

c) Documentación que acredita que a entidade conta cunha experiencia mínima de 2 anos na atención á familia, á infancia e á adolescencia, no caso de optar por acreditarla neste momento. No caso de que a experiencia derive de instrumentos xurídicos asinados coa Xunta de Galicia, acreditarase de oficio. A entidade presentará, de ser o caso, unha relación dos servizos prestados á Xunta de Galicia.

d) Relación do persoal adscrito ao servizo segundo o anexo IV da resolución da convocatoria. O persoal poderase contratar ou asignar a este programa tras a adxudicación do concerto. Neste caso, indicarse neste momento «pendente de contratación». No caso de que se manteña o persoal subrogado, indicarse o número de orde que figura na táboa de subrogación que figura para cada lote no anexo VI.

e) Documentación que acredite os criterios de selección e preferencia (cláusula O) da resolución da convocatoria:

e.1) Proxecto de xestión e intervención no punto de encontro coa estrutura e contidos mínimos determinados no punto 1º da cláusula O.2.

e.2) Documentación que acredite a posesión da Marca galega de excelencia en igualdade, do Certificado de empresa familiarmente responsable e/ou do recoñecemento á promo-



ción da parentalidade positiva, outorgado este último polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ou documentos equivalentes.

e.3) Documentación que acredite a experiencia da entidade na prestación do servizo de punto de encontro familiar. No caso de que a experiencia da entidade se refira a servizos efectuados no ámbito da Xunta de Galicia, será suficiente cunha declaración responsable que comprobará, de oficio, pola Comisión de Valoración.

f) Certificado de estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se mencionan no punto K.3 desta resolución do concerto.

g) Certificado de estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrw5j65rmr2



o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

I) Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE do representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Inscripción no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Certificado de que a entidade solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) DNI/NIE do persoal adscrito ao servizo.
- f) Consulta de inexistencia de antecedentes penais do persoal que se designe para a prestación do servizo.
- g) Consulta de inexistencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual do persoal que se designe para a prestación do servizo.
- h) Consulta de inexistencia de antecedentes penais por delitos de trata de seres humanos do persoal que se designe para a prestación do servizo.
- i) Consulta de títulos universitarios oficiais do persoal que se designe para a prestación do servizo, segundo o establecido no prego técnico.

2. No caso de que a entidade interesada se opoña á consulta, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwwh5j65rnr2



Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

J) Órganos competentes para a tramitación e resolución do procedemento.

A tramitación deste procedemento de concerto social correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.

A resolución deste procedemento de concerto social correspóndelle por delegación, de acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.

K) Procedemento do concerto social.

1. Instrución.

1.1. Este concerto realizarase mediante o procedemento de asignación seleccionando á/as entidade/s prestadora/s do servizo segundo as prestacións que prestará durante o concerto social, de acordo cos criterios de selección e preferencia desta convocatoria.

1.2. Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a instrución do procedemento que verificará que as solicitudes das entidades reúnen os requisitos exixidos e achegaron a documentación preceptiva.

2. Informe da Comisión de Valoración.

2.1. A Comisión de Valoración fará público o resultado das súas deliberacións a través do portal web da Consellería de Política Social e Igualdade.

2.2. A Comisión de Valoración determinará aquelas entidades que cumpran os requisitos para concertar e elaborará un informe no cal figurará unha listaxe ordenada, de acordo coas puntuacións obtidas, propoñendo para a execución do concerto a entidade que reúna maior puntuación.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrw5j65rnr2



3. Documentación que debe presentar a entidade adxudicataria.

Unha vez aceptada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade a proposta da Comisión de Valoración, a entidade seleccionada deberá presentar a seguinte documentación:

- Anexo III – Documentación para presentar pola entidade adxudicataria.
 - Anexo IV – Relación de persoal adscrito ao servizo, detallando os datos que non se achegaron coa solicitude, de ser o caso.
 - Anexo V – Consentimento individualizado da comprobación de datos asinado por cada unha das persoas empregadas da entidade.
 - Documentación que acredite a formación e/ou experiencia do persoal asignado ao servizo (contratos laborais e certificados acreditativos da experiencia e/ou formación en igualdade e na atención, intervención e orientación das e dos menores e das familias), en caso de non tela presentado coa solicitude.
 - Documentación que acredite a solvencia económica e financeira e técnica e profesional, de acordo coas fórmulas escollidas na declaración responsable presentada coa solicitude, de ser o caso, segundo se indica na cláusula F).
 - Documentación que acredite a subscrición dos seguros que se mencionan a seguir:
- A entidade adxudicataria virá obrigada á constitución dunha póliza de seguros para a cobertura dos seguintes riscos:
- Póliza de seguros que cubra os danos e sinistros que se produzan no local, e das súas instalacións.
 - De responsabilidade civil que cubra:
 - Os danos que puidese sufrir calquera persoa, en si mesmas ou nos seus bens, e que deriven do funcionamento do local en que desenvolve a súa actividade a entidade concertada.
 - Os danos que puidesen ser causados ás persoas e aos bens de terceiros, polos profesionais e, en xeral, calquera persoa dependente da entidade ou empresa concerta-



da, incluídos os actos derivados de actividades realizadas relacionadas coa prestación do servizo.

A suma asegurada deberá ser dun mínimo de 150.000,00 € por sinistro e 300.000,00 € por anualidade.

– Así mesmo, deberá constituír unha póliza de accidentes en contía suficiente para garantir as eventuais indemnizacións das persoas usuarias.

A xustificación da póliza subscrita e do pagamento da prima deberá realizarse no momento da formalización, e cada vez que se renove a póliza.

– O xustificante de presentación na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (na sede de Santiago de Compostela de Compostela da Consellería de Facenda e Administración pública ou nas delegacións provinciais da Axencia Tributaria de Galicia-Atriga) da garantía que se exige no punto S.2 da resolución do concerto social.

4. Formalización do concerto.

4.1. Este concerto social formalizarase mediante un documento administrativo dentro dos 30 días seguintes ao da publicación da resolución de concertación.

4.2. O documento de formalización será subscrito, en representación da Administración, pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

4.3. O concerto perfeccionarase coas súa formalización e non se poderá iniciar a súa execución sen terse efectuado esta previamente.

4.4. Efectuada a formalización, a entidade concertada estará obrigada a prestar ás persoas usuarias os servizos sociais nas condicións establecidas na normativa sectorial aplicable, nesta resolución de convocatoria do concerto social e nos criterios de preferencia e selección da entidade.

4.5. Cando, por causas imputables á entidade concertada, non se formalizase o concerto social, a Administración acordará a súa resolución e a incautación da garantía, no caso de terse constituído.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



4.6. Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizárase a entidade polos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

L) Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

M) Prazo de resolución, notificación e publicación.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectúanse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rmr2



6. A resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de concertación será de tres meses contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Este prazo poderá ser ampliado, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo, por un prazo máximo doutros tres meses.

8. Transcorrido o prazo establecido sen se ditar e notificar resolución, as entidades poderán entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

N) Recursos contra a resolución.

Este concerto terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no artigo 18 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como a Lei 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Na súa falta, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución for expresa. Se o acto non for expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este for expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para a solicitante e outras posibles entidades interesadas, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



O) Criterios de selección e preferencia.

1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Deste xeito, a consideración de entidade sen ánimo de lucro inclúese nos criterios de desempate.

2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

1º. Adecuación do proxecto de xestión e intervención no punto de encontro aos obxectivos técnicos que se van abordar nos puntos de encontro familiar:

A. Metodoloxía da intervención (ata 44 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

a.1) Fundamentación teórica e normativa: ata 4 puntos.

a.2) Contextualización. Detección de necesidades: ata 4 puntos.

a.3) Fases e procedemento de intervención. Protocolos de actuación nas distintas fases: ata 14 puntos.

a.4) Sistema de rexistro e seguimento da intervención: ata 7 puntos.

a.5) Avaliación da intervención e da calidade do servizo: ata 7 puntos.

a.5.1) Planificación do proceso de avaliación, procedemento, indicadores e instrumentos: ata 3 puntos.

a.5.2) Procedemento de atención e resposta á queixa das familias usuarias: ata 2 puntos.

a.5.3) Procedementos de participación das persoas usuarias na avaliación dos servizos que presta o punto de encontro: ata 2 puntos.



a.6) Protocolos de coordinación externa, en particular cos xulgados e a entidade pública con competencias en materia de familia e menores: ata 8 puntos.

B. Outros programas psicoeducativos que reforcen a intervención do punto de encontro: ata 6 puntos.

Valoraranse os programas que aborden aspectos favorecedores da normalización das relacións paterno/materno filiais, a superación da crise familiar e a seguridade e benestar das e dos menores, a maiores do programa socioeducativo individualizado de intervención e das intervencións complementarias establecidas no decreto.

C. Regulamento de réxime interno/normas de funcionamento: ata 5 puntos.

Valorarase o desenvolvemento do seu contido mínimo dunha forma completa e clara de xeito que resulte comprensible para as persoas usuarias do punto de encontro en especial a súa adaptación a persoas con discapacidade, nenos e nenas de curta idade, persoas con dificultades para expresarse nas linguas oficiais ou calquera outra circunstancia que poida dificultar o acceso ou comprensión das normas.

D. Equipo profesional: ata 7 puntos.

d.1) Responsabilidades e repartición de tarefas. Organización e coordinación interna do punto de encontro: ata 3 puntos.

d.2) Plan de formación do equipo profesional: ata 4 puntos.

Valoraranse a adecuación do seu contido, metodoloxía e recursos, así como o seu impacto na actividade desempeñada polo equipo profesional do punto de encontro.

E. Recursos materiais: ata 4 puntos.

e.1) Material lúdico e educativo: ata 2 puntos.

Valorarase o seu carácter educativo e pedagóxico e a súa adaptación a diferentes tramos de idade.

e.2) Material divulgativo editado pola entidade e posto ao dispor dos usuarios do punto de encontro familiar que aborde contidos dirixidos á mellora da intervención (parentalidade positiva, situacións de separación, e/ou divorcio e a súa influencia nas relacións parentais



e na evolución das persoas menores, violencia de xénero, mediación e técnicas de mediación, habilidades sociais). Indicarase o número de exemplares para editar. Só se valorarán as impresións a partir de 100 exemplares. A dita puntuación asignarase como segue:

1 exemplar de material informativo cunha tiraxe entre 100 e 250 impresións	0,5 puntos
1 exemplar de material informativo cunha tiraxe superior a 250 impresións	1 punto
2 exemplares de material informativo cunha tiraxe de entre 100 e 250 impresións cada exemplar	1,5 punto
2 exemplares de material informativo cunha tiraxe superior a 250 impresións cada exemplar ou 3 ou máis exemplares de material informativo cunha tiraxe superior a 100 impresións por exemplar	2 puntos

F. Tratamento da información: ata 4 puntos.

f.1) Ferramentas e sistemas utilizados para o manexo dos datos e información. Descrición e uso: ata 2 puntos.

f.2) Tratamento da información de carácter persoal: ata 2 puntos.

G. Servizo complementario de seguimento tras a finalización dun réxime de visitas polas causas previstas nas liñas c) e d) do artigo 14 do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia (ata 10 puntos).

4 meses de seguimento despois do cesamento da intervención (ata 10 puntos).

3 meses de seguimento despois do cesamento da intervención (ata 7 puntos).

2 meses de seguimento despois do cesamento da intervención (ata 4 puntos).

1 mes de seguimento despois do cesamento da intervención (ata 1 punto).

O dito servizo debe documentarse nun protocolo.

– O Proxecto de xestión e intervención no punto de encontro debe adaptarse á estrutura sinalada neste punto 1º, axustándose ás seguintes características:

- A súa extensión máxima 200 páxinas, con índice e anexos incluídos.
- As marxes: mínimo de 2 cm para a marxe inferior e superior e 2,5 cm para as laterais.
- Interlineado: sinxelo.



- Tipografía_ Arial 11 puntos.

2º. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, ata 10 puntos.

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

A. Estar en posesión de la Marca galega de excelencia en igualdade, ou equivalente (ata 4 puntos).

B. Estar en posesión do Certificado de empresa familiarmente responsable, ou equivalente (ata 4 puntos).

C. Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ou equivalente (ata 2 puntos).

3º. Acreditación da experiencia profesional na prestación do servizo de punto de encontro, ata un total de 10 puntos. Computarase un punto por ano.

Empregarase como primeiro criterio de desempate a preferencia das entidades sen ánimo de lucro fronte ao resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

Como segundo criterio, un número de integrantes do cadro de persoal con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e o Acordo do Consello da Xunta do 8.4.2010, así como o previsto no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias terá preferencia a entidade que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

3. Todos os criterios incluídos no baremo procuran seleccionar a entidade co mellor proxecto para desenvolver o servizo. Deste xeito, téñense en conta todos os aspectos relevantes no servizo. Ademais, inclúense elementos como consecuencia das obrigas normativas derivadas da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, para fomentar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



P) Composición e funcionamento da Comisión de Valoración.

1. A Comisión de Valoración está composta polo persoal que a seguir se relaciona:

	Titular	Suplente
Presidencia	Subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia	Subdirector xeral de Demografía e Conciliación
Vogalías	Xefa do Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia	Xefa do Servizo Xustiza Penal Xuvenil
	Psicólogo/a da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia	Psicólogo/a (Servizo de Conciliación Familiar)
	Traballador/a social da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia	Psicólogo/a (Servizo de Conciliación Familiar)
Secretaría	Xefa de Sección de Coordinación Administrativa do Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia	Xefe de sección de Coordinación do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil

2. Na organización e funcionamento da Comisión de Valoración aplicarase o disposto, en materia de órganos colexiados, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. O órgano instructor a través da Comisión de Valoración poderá solicitarlles ás entidades interesadas cantas aclaracións e ampliacións de información e documentos sexan precisos para a adecuada resolución do procedemento e, en xeral, realizar cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución, entre os que se incluírá en todo caso un prazo de corrección de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

4. Así mesmo, a Comisión de Valoración poderá solicitar os informes técnicos que precise nos seus labores de instrución.

Q) Condicións técnicas e materiais da prestación obxecto do concerto social.

Q.1. Definición do servizo.

Enténdese por punto de encontro familiar, o servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.



Os puntos de encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre as e os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas interrómpeuse ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar terán os obxectivos fixados:

a) Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.

b) Facilitar o encontro das fillas e fillos coa persoa proxenitora non custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

c) Acadar a normalización das relacións familiares de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.

d) Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

e) Favorecer e potenciar nas fillas e fillos unha boa relación coas súas persoas proxenitoras, co contorno da persoa proxenitora non custodia e coa súa familia extensa.

f) Potenciar que as fillas e fillos expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambas as dúas persoas proxenitoras.

g) Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.

h) Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

i) Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.



Nas súas intervencións os puntos de encontro familiar actuarán conforme os seguintes principios:

a) Interese das e dos menores. Ante calquera situación en que se dean intereses encontrados ou opostos, sempre será prioritaria a seguridade e o benestar das e dos menores.

b) Voluntariedade. As actuacións dos puntos de encontro familiar só se poderán levar a cabo co consentimento das persoas usuarias, agás cando se trate do estrito cumprimento dunha resolución xudicial.

c) Imparcialidade. Respetaranse e teranse en consideración todos os membros da familia obxecto de intervención, especialmente as fillas e os fillos, evitando posicionamentos a favor de calquera membro da familia en prexuízo ou detrimento doutros.

d) Neutralidade. O equipo técnico do punto de encontro familiar non deixará influír nas súas intervencións os seus propios valores ou circunstancias persoais e actuará unicamente co fin de protexer o interese superior das e dos menores.

e) Confidencialidade. En cumprimento da lexislación vixente, nas intervencións que se realicen nos puntos de encontro familiar respectarase a necesaria confidencialidade dos datos e informacións ás cales se poida ter acceso, e manterase, así mesmo, a confidencialidade do expediente, agás naqueles casos dos cales se deduza a existencia de condutas delituosas ou que poidan supoñer un risco para a seguridade das e dos menores e das mulleres que sofren violencia de xénero, e respecto da información requirida polos xulgados ou polo Ministerio Fiscal.

f) Non interferencia. Os puntos de encontro familiar nas súas actuacións respectarán as intervencións efectuadas por outros dispositivos de benestar social e polos órganos xudiciais.

g) Subsidiariedade e temporalidade. Utilizarase este recurso só cando sexa o único medio para facilitar as relacións entre as e os menores e a súa familia e orientarase sempre cara á normalización das relacións.

Q.2. Poboación atendida polo servizo.

Poden ser persoas usuarias do punto de encontro familiar aquelas persoas que formen parte das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas, así como os integrantes de familias en que existan situacións de violencia

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrwh5j65rmr2



que supoñan un risco para calquera dos seus membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

Poden ser usuarias do punto de encontro familiar as persoas que teñan un dereito de visita dunha ou dun menor con domicilio en Galicia ou ben un dereito de visita que se deba desenvolver en Galicia.

Serán persoas usuarias dos punto de encontro familiar aquelas persoas que, unha vez derivada a súa solicitude para a intervención pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, realicen a entrevista inicial, en que as e os profesionais do punto de encontro informarán do funcionamento do servizo, do regulamento de réxime interno e do desenvolvemento das visitas no marco do establecido na resolución da entidade derivante.

Sen prexuízo do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais, as usuarias e os usuarios dos puntos de encontro familiar gozarán dos seguintes dereitos:

- a) Á protección da súa intimidade persoal e da súa propia imaxe, ao segredo profesional do seu historial e á protección dos seus datos persoais.
- b) A ser informadas sobre o seu expediente persoal.
- c) A ser informadas das normas de funcionamento do punto de encontro familiar e a dispoñer delas en calquera momento.
- d) A presentar queixas, reclamacións e suxestións.
- e) A acceder, permanecer e cesar na utilización do servizo por vontade propia, agás resolución xudicial.
- f) Ao acceso integral, por parte das mulleres con discapacidade que sufran unha situación de violencia de xénero, á información sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes, nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo.

Así mesmo, e sen prexuízo do previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, respecto dos deberes das persoas usuarias dos servizos sociais, as usuarias e usuarios dos puntos de encontro familiar teñen os seguintes deberes:

- a) Respetar as normas establecidas no Regulamento de réxime interno do punto de encontro familiar e asinar a súa aceptación antes do inicio das actuacións.



- b) Cumprir os horarios establecidos na resolución do órgano derivante.
- c) Observar unha conduta baseada no mutuo respecto e encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- d) Facilitar o exercicio do labor do equipo técnico do centro e achegar todo o necesario para o desenvolvemento das visitas.
- e) Non presentar comportamentos violentos físicos nin verbais.
- f) Non consumir ningunha substancia que poida alterar as súas facultades antes ou durante o desenvolvemento das visitas nin introducir ningún obxecto que supoña risco para a integridade doutras persoas.
- g) Responsabilizarse da atención e coidado das e dos menores no transcurso da visita co apoio do equipo técnico do punto de encontro familiar.
- h) Utilizar as instalacións só para o servizo que se presta e facer un bo uso delas.
- i) Respetar a privacidade das demais persoas usuarias do punto de encontro familiar.

Q.3. Contido da intervención.

Os tipos de intervención que se realizan no punto de encontro, respecto da execución do réxime de vistas son:

– Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención dos/das profesionais nos momentos en que os/as familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller o/a menor no desenvolvemento do réxime de visitas. O punto de encontro familiar actuará como intermediario/a e supervisor/a das entregas e recollidas.

– Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dun/dunha profesional do equipo técnico do servizo e por un tempo máximo de dúas horas.

– Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no punto de encontro familiar, por un tempo máximo de dúas horas, sen a presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos en que o/a proxenitor/a que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.



Ademais do cumprimento do réxime de visitas establecido, nos puntos de encontro familiar levaranse a cabo outras intervencións complementarias:

a) Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores, que teña como obxecto final conseguir a normalización das relacións familiares.

b) Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e ás e aos menores, propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.

c) Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.

d) Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.

e) Rexistro e documentación das actividades realizadas.

Segundo o establecido no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, o órgano derivante é o órgano de dirección competente en materia de familia da consellería con competencia en materia de familia e menores, e os órganos solicitantes poderán ser:

- A Dirección territorial da Consellería de Política Social e Igualdade, en relación coas e cos menores sobre os cales a Xunta de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.
- Os órganos xudiciais competentes.

A fase de intervención comezará coa entrevista inicial en que as e os profesionais do punto de encontro informarán as persoas usuarias do funcionamento do servizo, do regulamento de réxime interno e do desenvolvemento das visitas no marco do establecido na resolución da entidade derivante. O equipo técnico do punto de encontro familiar incidirá nos obxectivos que se perseguen coa intervención, especialmente na temporalidade do



recurso como paso intermedio ata que as persoas usuarias acaden a autonomía necesaria para o exercicio das súas funcións parentais sen depender do servizo.

Q.4. Medios para a prestación do servizo

–Medios materiais. A/as entidade/s concertada/s levará/n a cabo a prestación do servizo nos inmobles titularidade da Xunta de Galicia situados en:

Nº lote	Dispositivo	Enderezo	Localidade	Provincia
1	Punto de encontro familiar de Santiago de Compostela	R/ Cruceiro do Sar, nº 46	Santiago de Compostela de Compostela	A Coruña
2	Punto de encontro familiar de Lugo	Calexón de San Marcos	Lugo	Lugo
3	Punto de encontro familiar de Pontevedra	Avenida de Vigo, nº 16, baixo	Pontevedra	Pontevedra

A cesión de uso dos bens inmobles, así como dos bens mobles dos cales dispón o centro axustarase ao establecido na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta cesión farase a título de uso privativo para a execución do servizo. A utilización dos ditos inmobles pola/s entidade/s seleccionada/s terá mero carácter instrumental para a execución do concerto e queda circunscrito á súa vixencia.

O mobiliario e equipamento básico achegado pola Administración concertante figura no inventario do equipamento que se anexa no prego técnico en que se fixan as condicións técnicas e materiais do concerto social.

As condicións xerais dos espazos do punto de encontro adecúanse ao establecido no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, así como ao Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais de Galicia.

– Medios humanos:

– Equipo de traballo.

Cada punto de encontro familiar contará cun equipo de traballo multidisciplinar composto por profesionais de dous perfís formativos diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.



Unha das persoas do equipo técnico desempeñará a función de coordinadora do traballo do equipo e das relacións coa Administración e cos xulgados. Esta persoa deberá ter experiencia acreditada na súa especialidade para poder exercer como tal.

Todos/as as/os profesionais integrantes do equipo de traballo deberán ter experiencia e/ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación das e dos menores e das familias. Deberán estar en posesión, de acordo co artigo 57 da Ley orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, de certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais e de trata de seres humanos.

O equipo de traballo mínimo de cada punto de encontro familiar é o que a continuación se detalla:

– Punto de encontro de Santiago de Compostela.

Un equipo multidisciplinar composto, como mínimo, por cinco profesionais, de dous perfís formativos diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

O equipo de traballo dedicará ao servizo un mínimo de 192,50 horas de traballo semanais, o equivalente a 5 profesionais a xornada completa, e durante o horario de apertura no centro deberán estar sempre presentes, polo menos, dúas persoas.

– Punto de encontro de Lugo.

Un equipo multidisciplinar composto, como mínimo, por catro profesionais, de dous perfís formativos diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

O equipo de traballo dedicará ao servizo un mínimo de 154 horas de traballo semanais, o equivalente a 4 profesionais a xornada completa, e durante o horario de apertura no centro deberán estar sempre presentes, polo menos, dúas persoas.

– Punto de encontro de Pontevedra.

Un equipo multidisciplinar composto, como mínimo, por catro profesionais, de dous perfís formativos diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.



O equipo de traballo dedicará ao servizo un mínimo de 154 horas de traballo semanais, o equivalente a 4 profesionais a xornada completa, e durante o horario de apertura no centro deberán estar sempre presentes, polo menos, dúas persoas.

– Funcións do persoal do punto de encontro familiar.

As funcións do persoal axustaranse en todo caso ao disposto no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. O seu labor debe adaptarse á metodoloxía aprobada nos correspondentes protocolos de desenvolvemento do servizo e realizarán as seguintes funcións:

a) A procura da seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas establecido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo cos tipos de intervención que se realizan nos puntos de encontro familiar.

b) Orientación, asesoramento e seguimento das familias co obxecto de acadar que o punto de encontro familiar chegue a resultar innecesario para a familia.

c) Entrevistas, individuais ou grupais, coas persoas usuarias ou/e posibles usuarias do servizo e entrevistas de seguimento e evolución do proceso de intervención coas persoas usuarias do servizo.

d) Poderán levar a cabo outras intervencións complementarias ao réxime de visitas que se recollen no Decreto 96/2014, do 3 de xullo.

e) Emisión de informes de seguimento mensuais e memorias anuais segundo as instrucións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica dentro do prazo que en cada caso se lle indique.

f) Emisión de cantos informes sexan necesarios ou se lles soliciten tanto desde o órgano derivante como do solicitante.

g) De ser o caso, asistir ás xuntanzas de coordinación ás cales os convoque a Administración.

h) Aqueloutras actuacións necesarias para un bo funcionamento do servizo.

Q.5. Calendario e horario dos puntos de encontro familiar.

Os puntos de encontro familiar de Santiago de Compostela de Compostela, Lugo e Pontevedra funcionarán os doce meses do ano durante os 7 días da semana e, como mínimo,



oito horas diarias en xornada partida ou continuada. Permanecerán pechados os días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Poderán pechar 15 días durante o mes de agosto logo de reorganizar as intervencións previstas para ese período, logo de autorización previa da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Respectando estes mínimos, os puntos de encontro poderán determinar o seu calendario e horario en función da demanda existente.

Q.6. Relacións entre a Administración e a entidade adxudicataria.

Establécense accións de coordinación a varios niveis:

- Coordinación do punto de encontro familiar coa dirección competente en materia de familia, en canto órgano derivante.

- Coordinación do punto de encontro familiar co departamento territorial da consellería con competencia en materia de familia e menores en relación coas persoas menores sobre as que a Xunta de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

Así mesmo, a entidade concertada comprométese a estar ao dispor da Administración concertante para cantas reunións haxa que manter como consecuencia da prestación do servizo.

R) Subrogación.

O persoal susceptible de subrogación, así como a información precisa para coñecer unha exacta avaliación dos custes laborais, que implicará esta medida, imposta pola normativa laboral, exprésanse no anexo VI.

De acordo co establecido no artigo 34 do IV Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, será persoal susceptible de subrogación aquel cunha antigüidade mínima de catro meses na data de adxudicación do concerto. En consecuencia, esta relación é susceptible de sufrir modificacións, que se publicarán en canto se teña coñecemento.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-www5j65rnr2



S) Aspectos relativos á execución do concerto social.

S.1. Dereitos e obrigas das partes.

S.1.1. Obrigas da entidade concertada.

A entidade concertada está obrigada a:

a) Organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ao réxime xurídico de aplicación, de acordo coas características establecidas nesta resolución e no prego técnico do concerto e coa continuidade e calidade convida.

b) Admitir na utilización do servizo a toda persoa usuaria remitida pola Administración concertante e garantir a súa prestación nas condicións que foron establecidas, de acordo cos principios de igualdade e non discriminación.

c) Prestar ás persoas usuarias de forma gratuíta os servizos establecidos no concerto social.

d) Respetar os dereitos das persoas usuarias recollidos no ordenamento xurídico e no réxime xurídico do servizo.

e) Indemnizar polos danos que se causen a terceiras persoas como consecuencia das operacións que requiran o desenvolvemento do concerto social, excepto cando o dano se produza por causas imputables á Administración. Para estes efectos, a entidade estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir pola prestación do servizo, segundo se indica na cláusula F. e K.3.

f) Manter o servizo público conforme o que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade das persoas usuarias que resulte de aplicación.

g) Dar a coñecer a condición de entidade concertada mediante a difusión na documentación e publicidade das actuacións obxecto deste concerto social. A entidade concertada deberá incorporar en todo o material e documentación xerada polo programa o logotipo da identificación corporativa da Xunta de Galicia e Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, disporá tamén dun rótulo, no lugar ou centro onde se presten os servizos, en que se identifique que o servizo está concertado coa Xunta de Galicia co seu respectivo logotipo. Na dita documentación, escrita e visual, debe empregar unha linguaxe non



sexista, así como fomentar unha imaxe con valores de igualdade, pluralidade de roles e corresponsabilidade.

h) Comunicar á Administración calquera cambio ou variación que se produza na prestación dos servizos, en especial os relacionados cos recursos humanos empregados así como calquera subvención, axuda ou achega privada recibida relacionada coa prestación dos servizos concertados.

No caso de que se produza un cambio do persoal que presta o servizo, debe achegarse información sobre o novo persoal: nome, apelidos, DNI, titulación, formación acreditada, tipo de contrato e número de horas dedicadas ao servizo.

i) Facilitar os labores de control e inspección do cumprimento do concerto social, en particular, poñendo á disposición da Administración toda a información económica, fiscal, laboral, técnica e asistencial ou de calquera outra clase que sexa precisa para este fin, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.

j) Someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan aos órganos competentes da Administración en relación cos fondos públicos achegados para o financiamento dos concertos sociais.

k) Comunicar á Administración concertante calquera subvención, axuda ou achega privada recibida relacionada coa prestación dos servizos recollidos nos concertos sociais.

l) Subministrar á Administración, logo de requirimento, toda aquela outra información necesaria para que esta cumpra as obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

m) Cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral e igualdade de xénero. Ademais, deberá proporcionarles aos seus traballadores e traballadoras un traballo de calidade e estable, protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais e promover condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

n) Cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal, de integración social de persoas con discapacidade, de prevención de riscos laborais e de protección do ambiente que estableza a normativa vixente, os convenios colectivos que sexan de aplicación e as recollidas nesta convocatoria.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



o) Cumprir o establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, en particular o establecido en relación coa comprobación de antecedentes de delitos sexuais e trata de seres humanos na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia.

p) O persoal asignado á prestación do concerto social dependerá exclusivamente da entidade concertada, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto del, sendo a Administración concertante de todo allea ás referidas relacións laborais. En ningún caso poderá alegar ningún dereito o referido persoal en relación coa Administración concertante, nin exixirse a esta responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a entidade concertada e os seus empregados.

q) A entidade concertada facilitará que as persoas usuarias poidan formular suxestións e queixas sobre a prestación do servizo concertado, que se poderán presentar ante a Administración ou ben ante a propia entidade concertada. Para estes efectos, existirá un libro de reclamacións en que as persoas usuarias e quen as represente legalmente poderán facer constar as queixas que coiden pertinentes. A entidade concertada deberá remitir as suxestións e queixas recibidas á Administración.

r) Designar unha persoa responsable da execución do concerto, con competencia profesional e capacidade suficiente para representar á entidade en todo e canto afecte a dita execución e que será a interlocutora coa Administración.

s) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Igualdade o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade obxecto do concerto.

t) Garantir a plena dispoñibilidade en todo momento dos medios materiais e persoais ofertados para a prestación do servizo conforme o establecido no prego técnico no que se fixan as condicións técnicas e materiais do concerto.

u) Executar todas aquelas instrucións e circulares que emita a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para unha mellor organización e seguimento do programa dos puntos de encontro familiar, en relación co obxecto do concerto.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrw5j65rmr2



v) A entidade concertada deberá velar polo bo uso e estado do inmovible e da totalidade dos bens e medios auxiliares, incluíndo o material funxible, de ser o caso, e ten dereito a dispoñer dos bens que en virtude do presente concerto lle fosen concedidos. Así mesmo, deberá manter en todo momento as condicións de seguridade e saúde das instalacións.

No momento en que a entidade concertada se faga cargo do punto de encontro realizárase, por duplicado, unha acta de inventario do equipamento que incorporará o equipamento que a Administración achega xunto coa instalación, así como, de ser o caso, as achegas da entidade concertada, que será subscrito por unha persoa representante da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como da entidade concertada.

A entidade concertada poderá realizar obras de reparación e mellora dos bens de titularidade pública. No caso de realizar reformas importantes ou obras de reestruturación e mellora do centro, precisará a correspondente autorización do órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade.

Unha vez finalizada a vixencia do concerto, a entidade está obrigada a devolver á Administración todos os bens, tanto os que lle foron cedidos en uso como aqueles adquiridos pola entidade concertada para o equipamento no seu estado primitivo, agás aqueles que presenten deterioración producida polo seu uso normal.

Para estes efectos, con antelación suficiente ao remate do concerto, a Administración realizará unha inspección do estado de conservación do inmovible, instalacións e equipamento, e informará sobre as reparacións e reposicións necesarias para mantelos nas condicións axeitadas para o seu uso.

w) A entidade concertada asumirá o pagamento dos gastos correntes de mantemento do inmovible onde se presta o servizo tales como: electricidade, auga, teléfono, calefacción, limpeza e outros similares.

x) A entidade concertada non poderá manter ningunha relación institucional, nin facer declaracións a medios de comunicación ou entregar documentación ou datos sobre temas relacionados cos traballos realizados sen a autorización explícita da consellería.

y) Achegar á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, un informe mensual cos datos que esta lle solicite e unha memoria anual de actuacións.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



z) Calquera outra prevista na normativa que, con carácter xeral ou específico, sexa de aplicación, no réxime xurídico do servizo.

S.1.2. Obrigas da Administración concertante.

1. A Consellería de Política Social e Igualdade está obrigada a aboar á entidade concertada o prezo estipulado dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados, de acordo coa forma de pagamento recollida nesta convocatoria.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade deberá ter informada á entidade concertada de calquera circunstancia de que teña coñecemento e que afecte de xeito relevante o concerto social formalizado, especialmente nos casos en que esta poida ter incidencia na futura configuración dos termos e condicións do concerto.

S.1.3. Incumprimento das obrigas por parte da entidade concertada.

O incumprimento das obrigas por parte da entidade concertada será sancionado de acordo co disposto no título IX da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

S.1.4. Incumprimento das obrigas por parte da Administración.

Se a Consellería de Política Social e Igualdade se demora no pagamento e incumpre o prazo de 30 días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados, deberá aboar á entidade concertada, a partir do cumprimento do dito prazo, os xuros de demora e a indemnización por custos de cobramento, nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

S.2. Constitución de garantía.

1. A entidade adxudicataria de cada lote ten que constituír una garantía polo importe especificado na seguinte táboa:

Nº lote	Dispositivo	Importe
1	Punto de encontro familiar de Santiago de Compostela	53.418,71 €
2	Punto de encontro familiar de Lugo	44.610,17 €
3	Punto de encontro familiar de Pontevedra	43.806,77 €



A dita garantía debe depositarse ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (na sede de Santiago de Compostela da Consellería de Facenda e Administración pública ou nas Delegacións provinciais da Axencia tributaria de Galicia-Atriga).

2. A garantía poderá prestarse nalgunha ou algunhas das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta resolución. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se subscriban no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta resolución, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta resolución establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

3. A acreditación da constitución da garantía definitiva deberá realizarse mediante medios electrónicos.

4. Cumpridas polo concertante as obrigacións derivadas do concerto, se non resultan responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía dun ano, se for o caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do concerto ou de quen exerza a dirección deste.

S.3. Réxime de pagamentos.

1. O pago do prezo que corresponda a cada mes logo de aplicar os importes establecidos na cláusula D.3 desta convocatoria realizarase logo da conformidade do Servizo de Apoio á Familia, á Infancia e á Adolescencia.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



2. Para o aboamento do servizo a entidade adxudicataria presentará, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se realizou efectivamente a prestación, os seguintes documentos:

– Factura pola prestación do servizo. As facturas electrónicas emitidas presentaranse no Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF). O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asiento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas está integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obriga.

A información sobre este será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon>

– Certificado da entidade onde conste o persoal adscrito á execución deste servizo, ordenado por grupo profesional e posto de traballo, especificando nome e apelidos, número de afiliación á Seguridade Social, tipo de contrato, titulación e dedicación horaria. No caso de que a relación de persoal non sufra variacións respecto do período anterior, estes documentos poderán substituírse por unha declaración en tal sentido.

3. Sen prexuízo das competencias de inspección en materia de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a entidade concertada estará sometida ás actuacións de control e vixilancia que leve a cabo a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a debida xustificación dos fondos e do cumprimento dos fins do programa do presente concerto, así como as de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, coa finalidade de asegurar o correcto cumprimento do concerto social subscrito.

4. A percepción indebida de cantidades por parte da entidade concertada comportará a obriga de reintegralas á Administración. Cando o reintegro se efectúe por requirimento da Administración, daráselle audiencia á entidade e seguirase o procedemento que corresponda, sen prexuízo das posibles sancións e resolución do concerto social.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrw5j65rnr2



5. As entidades concertadas que teñan dereitos de cobramento fronte á Administración poderán cedelos conforme dereito. Para a cesión dos dereitos de cobramento seguirase o mesmo procedemento e exixiranse os mesmos requisitos que os recollidos no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

S.4. Limitacións á subcontratación e cesión de servizos concertados.

1. Queda prohibida a subcontratación das prestacións obxecto deste concerto.

2. Queda prohibida a cesión, total ou parcial, dos servizos obxecto deste concerto, excepto cando a entidade concertada sexa declarada en concurso de acredores e non quede garantida a continuidade da atención das persoas usuarias, con autorización expresa e previa da Consellería de Política Social e Igualdade, que adoptará as medidas precisas para garantir a continuidade e calidade do servizo.

S.5. Sucesión da entidade concertada.

1. O cambio da titularidade do servizo concertado, xa sexa por sucesión da entidade concertada ou pola cesión do concerto formalizado, terá a consideración de modificación do concerto social.

2. Poderase producir a sucesión da entidade concertada cando a primeira se fusione ou transforme noutra. Neste caso o concerto continuará vixente coa entidade que a suceda, sempre que esta continúe reunindo os requisitos exixidos para formalizar o concerto social.

A entidade sucesora subrogarase nos dereitos e obrigas derivados do concerto social que estivesen vixentes no momento da sucesión.

3. Se non for posible concertar coa entidade sucesora por non cumprir esta cos requisitos exixidos no concerto social, considerarase, para todos os efectos, un suposto de resolución do concerto por culpa da entidade concertada.

4. Para os efectos anteriores, a entidade concertada deberá comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a circunstancia que se producise.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wrwh5j65rnr2



T) Modificacións.**T.1. Modificación do acordo de concertación.**

1. Unha vez formalizado o concerto social, poderanse introducir modificacións só cando estas obedezan a razóns de interese público como consecuencia de circunstancias sobrevindas, debidamente xustificadas e derivadas das necesidades de atención ás persoas usuarias.

As modificacións deste concerto non poderán alterar as condicións esenciais da concertación e deben ser as estritamente indispensables para responder ás causas obxectivas que as fagan necesarias.

As modificacións só serán posibles cando non afecten os requisitos legais para a prestación dos servizos, non supoñan unha mingua na calidade do servizo e, de implicar un custo, exista crédito adecuado e suficiente para poder asumilo.

2. O procedemento de modificación poderase iniciar de oficio, con audiencia á parte interesada, ou por instancia de parte mediante proposta da entidade concertada. Estes aspectos deberán quedar documentados, xunto co informe da Asesoría Xurídica e os demais informes que procedan en particular o da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con carácter previo á formalización da modificación.

3. O órgano competente para autorizar a modificación será a persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

T.2. Modificación no número de prazas ou de servizos concertados.

A Administración concertante, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, poderá modificar o número de prazas ou unidades ou servizos de cada un dos centros obxecto dos concertos sociais durante a súa vixencia.

De acordo co artigo 28 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, poderase variar o número de prazas ou servizos concertados, sen que e o incremento poida superar o 50 %, polo que se establece un incremento dun 20 %.

T.3. Modificación das condicións técnicas.

1. As condicións recollidas nos pregos técnicos do concerto social poderán ser modificadas como consecuencia de cambios normativos que as afecten ou da súa revisión por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.



2. No expediente de modificación deberá constar unha memoria económica en que se avalíe o impacto no cambio das condicións técnicas nos módulos económicos. De ter incidencia nestes últimos, deberase proceder ao seu reaxuste.

3. Se é a Consellería de Política Social e Igualdade a que decide revisar as condicións técnicas do concerto social, os cambios deberán estar motivados na mellor ou máis axeitada prestación dos servizos mediante informe dos técnicos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Deberáselles dar audiencia ás entidades concertadas afectadas para que poidan formular propostas e alegacións á revisión proposta.

T.4. Revisión dos prezos.

1. Os prezos ou módulos económicos fixados nesta convocatoria poderán ser revisados:

a) Cando se realice unha modificación do concerto social, segundo o establecido no artigo 27 do Decreto 209/2020, que teña incidencia nos custos do servizo.

b) Cando se produza unha variación substancial nos custos do servizo respecto das condicións económicas do concerto social.

2. A revisión de prezos precisará dun informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica sobre os custos económicos do concerto social, en que se evidencie a necesidade da revisión.

Para o cálculo das revisións deberanse ter en conta as previsións recollidas na normativa en materia de desindexación. Nas actualizacións de prezos o carácter diferenciado da acción concertada excluírá a consideración do período de recuperación dos investimentos aplicable á modalidade contractual.

No concerto obxecto desta convocatoria, dado o carácter significativo do cadro de persoal na configuración do prezo, pódese referenciar a actualización desta compoñente dos custos ás variacións económicas dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables ao lugar de prestación dos servizos, coas limitacións que a normativa vixente estableza.

3. A revisión dos prezos ou módulos efectuarase, segundo proceda, no acordo de modificación ou mediante resolución ditada para o efecto pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

CVE-DOG: 1dacruj2-ysg6-5nm4-kh96-wwh5j65rnr2



U) Resolución e extinción do concerto social**U.1. Causas de extinción do concerto social.**

Este concerto social extinguirase polas seguintes causas:

a) Cumprimento do concerto social.

b) Resolución do concerto social.

U.2. Cumprimento do concerto.

O concerto social entenderase cumprido pola entidade concertada cando este se realízase, de acordo cos seus termos, na totalidade da prestación e finalizase o seu período de vixencia.

U.3. Extinción do concerto por resolución.**1. Serán causas de resolución do concerto social as seguintes:**

a) O mutuo acordo entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade concertada.

b) A non formalización do concerto social ou da súa renovación no prazo establecido.

c) A extinción da personalidade xurídica da entidade concertada.

d) A declaración de concurso de acredores da entidade concertada ou a declaración de insolvencia en calquera procedemento.

e) O cesamento voluntario, coa autorización previa da Consellería de Política Social e Igualdade, da entidade concertada na prestación do servizo.

f) A inviabilidade económica da entidade titular do concerto social, constatada por informes de auditoría externa, cando lle sexan solicitados pola Consellería de Política Social e Igualdade.

g) A revogación da acreditación, homologación ou autorización administrativa da entidade concertada que a habilitaba para a prestación do servizo concertado.



h) O incumprimento das obrigas cualificadas como esenciais no concerto social ou o incumprimento dos estándares e parámetros de calidade exixidos nel, sempre que o incumprimento sexa imputable á entidade concertada.

i) A comisión dunha infracción grave ou moi grave das tipificadas nos artigos 81 e 82 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, cando leven aparellada unha das sancións accesorias previstas no artigo 83.2 da dita norma.

j) O incumprimento grave da lexislación en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social e da integración social de persoas con discapacidade e prevención de riscos laborais.

k) Negarse a atender as persoas usuarias derivadas pola Administración concertante.

l) Prestar servizos como se fosen concertados coa Administración cando isto non sexa así.

m) O incumprimento da prohibición da subcontratación e cesión de servizos concertados recollidos na cláusula S).

n) A ausencia de demanda para a cobertura do servizo prestado de xeito relevante e prolongado, xa sexa para a totalidade dos servizos ou para un número significativo que faga inviable economicamente o mantemento do servizo.

ñ) A imposibilidade de continuar prestando o concerto social nos termos inicialmente acordados ou facelo sen ocasionar un prexuízo ao interese público, cando non sexa posible a modificación do concerto.

o) A demora no cumprimento das obrigas económicas por parte da Consellería de Política Social e Igualdade por prazo superior a catro meses.

p) A suspensión por causa imputable á Consellería de Política Social e Igualdade da iniciación do concerto social por prazo superior a seis meses desde a data sinalada para o comezo.

